

A traxedia na Atenas clásica

Principais representantes:

Esquilo (525-456 a.C.)

Sófocles (496-406 a.C.)

Eurípides (484-406 a.C.)

É un xénero íntimamente ligado á democracia e a Atenas. Esquilo participa por primeira vez nun festival pouco antes da victoria de Maratón¹ e Sófocles (o último en morrer) representa a súa última obra pouco antes da derrota de Egospótamos².

Se representaban durante determinados festivais relixiosos dedicados ao deus Dioniso:

- Grandes Dionisiacas (Dionisiacas Urbanas), na primavera.
- Leneas, a finais de xaneiro.
- Dionisiacas Rurais, no mes de decembro.

A organización do festival correspondíalle aos arcontes:

- Elixen entre os cidadáns ricos a un corega, que será o encargado de organizar e remunerar aos coreutas, ou membros do coro.
- Elixen ao poeta e aos actores. A diferenza do que ocurría en Roma, en Atenas os actores eran cidadáns e non se dedicaban profesionalmente ao teatro.

O teatro máis grande era o de Dionisio, na aba da Acrópole, pero había moitos pequenos teatros espallados polos distintos *demoi* da Ática. Só no Pireo había dous.

A representación dunha traxedia era máis parecida a unha ópera de Mozart que a unha obra de teatro de hoxe en día. Constaba de partes dialogadas e partes cantadas polo coro:

- Partes dialogadas:
Prólogo
Episodios
Éxodo

Partes cantadas:
Párodos
Estásimos

O coro é un elemento fundamental e característico nas traxedias gregas, aínda que vai perdendo importancia paulatinamente. É un personaxe colectivo que dialoga co protagonista e aporta as súas reflexións: é unha especie de voceiro da comunidade.

A traxedia grega caracterízase por presentar en escena un conflito entre o personaxe principal e toda unha serie de elementos como poden ser a divindade, a Fada, a sociedade, a familia ou el mesmo. O protagonista dunha traxedia enfróntase a unha decisión límite, ou as consecuencias dos seus actos pasados.

Os personaxes e argumentos da traxedia saen da poesía épica, fundamentalmente dos mitos relacionados cos heroes da guerra de Troia e coa familia de Edipo. Podemos dicir que os heroes tráxicos son personaxes superiores ao espectador, pero sometidos a circunstancias que inspiran compasión.

¹ Foi a primeira victoria dos atenienses fronte aos persas durante as guerras Médicas.

² Supuxo a destrución da flota ateniense e a derrota nas Guerras do Peloponeso.

SÓFOCLES, A SÚA VIDA E AS SÚAS OBRAS

Sófocles (496-406): Dramaturgo e político ateniense. Nace no ano 496 en Atenas, probablemente no demos de Colono. Se non é lenda, hai noticia de que encabezou o coro de rapaces elixido para celebrar a victoria sobre os persas en Salamina no ano 480.

No ano 468 vence a Esquilo por primeira vez nun certame trágico, non sabemos con qué obra; ao longo da súa vida obtería alomenos en vinte ocasións o primeiro posto, e as veces que non foi primeiro obtivo o segundo premio.

No ano 443 é nomeado oficial do tesouro da Liga de Delos e tres anos máis tarde comparte con Pericles o posto de estratega; volverá a desempeñalo no ano 427 en compañía de Nicias.

No 420 é un dos homes máis respetados da cidade, xa que é elixido para manter na súa casa o culto ao deus Asclepio en tanto o seu templo non se remataba. Nese momento xa estrenara varias das súas obras máis coñecidas: Antígona (442), Alceste (438), Edipo Rei (427)...

Despois do desastre da flota ateniense en Sicilia, é nomeado *proboulos*, é dicir, membro dunha xunta de dez conselleiros que tiñan como misión levar o temón da cidade nun momento tan difícil.

Participou por última vez nun festival dramático no ano 406, e din que apareceu vestido de negro en homenaxe ao seu rival Eurípides, que acababa de morrer. É morreu ese mesmo ano, e na súa cidade tributouse culto como a un heroe. No ano 401 o seu neto leva aos escenarios a traxedia Edipo Rei, que Sófocles deixara rematada antes da súa morte.

OBRAS CONSERVADAS (Escribiu 123)

AIAX: Conta a loucura e suicidio do heroe cando os gregos outorgaron as armas de Aquiles a Odiseo.

ANTÍGONA: É a historia da filla de Edipo, que foi axusticiada por enfrontarse ao seu tío, o tirano Creonte, que non quería que un dos fillos de Edipo recibise sepultura.

FILOCTETES: Presenta ao heroe grego abandonado polos seus camaradas na illa de Lemnos. Unha embaixada, dirixida polo astuto Odiseo, intenta convencelo para que se reincorpore ao exército.

AS TRAQUINIAS: Cóntase a morte de Heracles, envenenado de forma involuntaria pola súa esposa.

ELECTRA: Narra o regreso de Orestes a Micenas para vingar a morte do seu pai.

EDIPO REI: Traxedia na que se relata o momento no que Edipo averigua a súa verdadeira identidade.

EDIPO EN COLONO: Últimos días do heroe.

Sófocles viviu os momentos de maior esplendor da Atenas clásica despois das vitorias nas batallas de Maratón e de Salamina. Foi testigo e protagonista da súa época: asistiu á construción dos principais monumentos da Acrópole e viviu o florecemento intelectual de Atenas, convivindo con personaxes tan importantes como Anaxágoras, Fidias, Pericles ou Sócrates. Tocoulle tamen vivir a peste que asolou Atenas no ano 431 e os enfrontamentos con Esparta durante a guerra do Peloponeso, aínda que morreu poucos anos antes da derrota definitiva da súa cidade. Foi considerado polos seus contemporáneos como unha persoa favorecida polos deuses, ata o punto que despois da súa morte rendéuselle culto como a un heroe.

EDIPO REI

É a traxedia máis coñecida. Aristóteles escolleuna como exemplo mellor acabado do xénero. É unha das obras de teatro máis representada de todos os tempos.

O mito: *O oráculo de Apolo anunciara a Laio, rei de Tebas que o fillo que nacera da súa esposa estaba destinado a matar ao seu pai. Por iso, tan pronto como o neno naceu, deu orden de traspasarlle os talóns cunha correa e abandoalo no monte Citerón. Un pastor de Corinto atopouno e levoullo aos reis do seu país, Pólipo e Mérope, que non tiñan herdeiros; eles criárono coma se fose o seu fillo, sen desvelarlle nunca a súa verdadeira orixe.*

Cando creceu, Edipo decidiu visitar o oráculo de Delfos para saber cál sería o seu camiño na vida, pero a resposta deixao horrorizado: mataría ao seu pai e casaría coa súa nai. Tratando de evitar o inevitable, non volve a Corinto e vaga sen rumbo fixo. Nunha encrucillada de camiños, atópase con Laio e, ao non querer cederlle o paso, e sen Edipo saber con quen se enfronta, ten lugar unha liorta na que perden a vida o rei e todos os seus servidores, non sendo un.

Pouco tempo despois chega a Tebas onde a Esfinxe (monstro con cabeza de muller, corpo de león e ás) tiña aterrorizada a poboación propoñendo enigmas e devorando a aqueles que non sabían resolvelos. Edipo resolve o enigma e acaba coa Esfinxe. En agradecemento, os tebanos fano rei e lle entregan en matrimonio á raiña viuva. Cúmrese así a Fada de Edipo, aínda que ninguén o sabe, porque ninguén sabe quen é en realidade. O servidor de Laio que sobrevivira á liorta, ao ver que o asasino do rei é o novo heroe da cidade, colle medo e marcha ao campo para facerse cargo das ovellas dos seus amos.

A traxedia: *Ten lugar varios anos despois. Tebas sofre unha misteriosa peste, e os seus habitantes suplican a axuda do seu rei, o gran Edipo, o que liberou á cidade da tiranía da Esfinxe. Edipo quere axudar, e envía ao seu cuñado Creonte a consultar o oráculo délfico. A resposta do deus é sorprendente: o asasino de Laio vive en Tebas, polo que a cidade é impura. Edipo xura diante do seu pobo atopalo e vingará a morte do seu antecesor.*

Ideas para desenvolver o carácter trágico de Edipo:

- Edipo é inocente desde o punto da moral individual, porque é un xoguete da Fada, pero desde un punto de vista social a súa falta é imperdonable.
- Hai unha degradación progresiva dun personaxe que se presenta como grandioso. A visión da vida do home é pesimista.
- A obra está chea de contrastes trágicos:
 - O sabio é ignorante.
 - O cego é sabio.
 - O protector de Tebas é o que a destrúe.
 - A salvación de Tebas foi a súa ruina.
 - O que fuxe escapando do fado atópao sen darse conta.
 - O que maldice é maldito.
- O home descúbrese a sí mesmo. Non hai unha revelación divina. Edipo só cre no resultado das súas propias averiguacións. Hai un enfrontamento entre a sabiduría humana (Edipo) e a sabiduría divina (Tiresias), que na traxedia grega sempre triunfa.
- Edipo Rei é unha obra na que o detective (o descifrador de enigmas) resulta ser o asasino.

EXERCICIOS

1. Fai unha lista por orde aparición dos personaxes da traxedia; descríbeos brevemente e escolle unha intervención de cada un deles no que penses que se reflicte a súa personalidade.
2. ¿Qué virtudes e qué defectos lle atribuirías a Edipo?
3. Describe a actitude do coro nos diferentes *estásimos*.
4. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.